ÍNDICE DE CONTIDOS

1.- Noticias 2

2.- Selección de congresos con convocatoria aberta 3

Descrición: Seguidamente indícase unha selección de congresos nacionais e internacionais relacionados coa Estatística, a Investigación Operativa e a Ciencia de Datos, con convocatoria aberta para o envío de contribucións ou con prazos de envío xa anunciados. 3

3.- Ofertas de traballo 6

4.- Convocatorias e premios 8

1.- Noticias

- **Reunión da Asemblea Xeral da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións**

  Data: 22/12/2026

  Hora: 17:00

  Lugar: Salón de Graos da Facultade de Matemáticas (Universidade de Santiago de Compostela)

- **Presentación da Fundación Carmen Cadarso – 1 de decembro, Pazo de Fonseca**

  Información: a creación da Fundación Carmen Cadarso, nace para dar continuidade á traxectoria de Carmen, froito de máis de trinta anos de dedicación á docencia, á investigación e á transferencia no ámbito da Bioestatística. O acto estará presidido pola reitora da Universidade de Santiago de Compostela, Rosa María Crujeiras Casais, xunto cos membros do Padroado e do Comité Científico da Fundación.

  Data: martes, 1 de decembro de 2026.

  Hora: 11:00, cun aperitivo posterior para as persoas asistentes.

  Lugar: Salón Nobre do Pazo de Fonseca, Santiago de Compostela.

  Confirmación de asistencia: ata o 27/11/2026 ás 12:00 h, mediante o formulario remitido pola organización.

- **Ricardo Cao, elixido académico da Real Academia de Ciencias**

  Información: Ricardo Cao Abad, catedrático de Estatística e Investigación Operativa e reitor da Universidade da Coruña, foi elixido académico da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España (RAC), na sección de Matemáticas. Entre outros recoñecementos, recibiu o Premio Nacional de Estatística 2023, a Medalla de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias (2023) e a Medalla da SEIO (2022), e é membro electo do International Statistical Institute. Parabéns!

  Máis información: https://rac.es/noticias/625/

- **María Isabel Borrajo e María Teresa Rey, premiadas por divulgar a estatística na Aula Hospitalaria do CHUS**

  Información: María Isabel Borrajo García (USC-CITMAga) e María Teresa Rey Rey (UDC-CHUS) foron galardoadas nos premios Universidad y Divulgación da Fundación Muy Interesante, na categoría de Educación e Sociedade, polo traballo «Fuera de la foto de grupo», un texto de divulgación que ensina a interpretar cifras e enquisas desde unha perspectiva crítica. A iniciativa desenvolveuse no marco do programa de voluntariado da USC, cunha experiencia co alumnado hospitalizado na Aula Hospitalaria do CHUS: mediante o deseño de enquisas, a análise de datos e a extracción de conclusións, estudouse como se perciben e viven as enfermidades de longa duración nos centros educativos. Esta primeira edición dos premios recibiu 577 candidaturas de toda España. Parabéns!

  Máis información: https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/traballo-alumnado-aula-hospitalaria-chus-materia-estatistica-faise-premios-universidad-divulgacion

- **Publicado o Real Decreto polo que se determinan as especialidades de coñecemento**

  Información: O BOE publicou o Real Decreto 1025/2026, que fixa as especialidades de coñecemento (400) a efectos dos perfís das prazas de profesorado das universidades públicas, e os ámbitos de coñecemento (53) a efectos da adscrición dos postos, en substitución das áreas de coñecemento do RD 1312/2007. A Estatística e Investigación Operativa conforma unha especialidade (109), mentres que a Ciencia de Datos (29) e a Intelixencia Artificial e Aprendizaxe Automática (197) quedan recollidas como especialidades independentes. A SEIO presentara alegacións ao borrador, que non foron atendidas.

  Máis información: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2026-24316

- **XXIII Encuentro de la Red Española de Elección Social (Vigo)**

  Información: A UVigo acollerá a XXIII edición do encontro da Rede Española de Elección Social (REES), con traballos sobre a medición do benestar, a xustiza distributiva e o deseño de sistemas de decisión colectiva. Contará con Philippe Solal (Université de Saint-Étienne) como relator convidado. No comité organizador participan María Gómez Rúa, Gustavo Bergantiños Cid, Leticia Lorenzo Picado e Juan Vidal Puga (UVigo).

  Datas: 27-28/11/2026.

  Lugar: Edificio Redeiras, Vigo.

  Máis información: https://rees.webs.uvigo.es/index.html

- **7ª Reunión Científica de BIOSTATNET**

  Información: BIOSTATNET celebrará a súa 7ª Reunión Científica os días 13, 14 e 15 de xaneiro de 2027 en Valencia. O programa incluirá relatorios convidados de especialistas internacionais, sesións dos grupos de traballo, comunicacións e unha sesión de pósteres, con especial atención á participación das persoas investigadoras máis novas.

  Datas: 13-15/01/2027.

  Envío de resumos: ata o 09/12/2026.

  Máis información: https://eventos.adeit.es/154055/detail/7th-general-scientific-meeting-of-the-national-biostatistics-network.html

- **2nd Scientific FENStatS Meeting – Statistical Week 2027 (Dresden)**

  Información: A Federation of European National Statistical Societies (FENStatS) celebrará o seu segundo encontro científico do 14 ao 17 de setembro de 2027 na Technische Universität Dresden (Alemaña), no marco da Statistical Week 2027. O encontro será organizado conxuntamente coas sociedades estatísticas alemás e FENStatS organizará sesións científicas internacionais. Os temas e relatores anunciaranse nos próximos meses.

  Datas: 14-17/09/2027.

  Máis información: https://fenstats.org/

- **Novidades de divulgación da SEIO**

  Nova píldora SEIO: Tempo de eleccións e enquisas. Como entendelas.

  - Nesta Píldora SEIO fálase de enquisas eleitorais: representatividade das mostras, intención directa e "cociña" eleitoral, promedios de sondaxes, proxeción do voto en cada provincia e reparto de escanos mediante o método D'Hondt. https://youtu.be/Ppw2WD691og?si=s_T7bbGMjWRxDpGR

2.- Selección de congresos con convocatoria aberta

Descrición: Seguidamente indícase unha selección de congresos nacionais e internacionais relacionados coa Estatística, a Investigación Operativa e a Ciencia de Datos, con convocatoria aberta para o envío de contribucións ou con prazos de envío xa anunciados.

- IMS International Conference on Statistics and Data Science (ICSDS 2026) (Split, Croacia, 15–18 decembro 2026)
  - **Información:** A conferencia internacional ICSDS, organizada pola IMS, ten como obxectivo reunir investigadores en estatística e ciencia de datos de academia, industria e administración pública. O programa inclúe sesións plenarias, comunicacións contribuídas, pósters e sesións convidadas, así como competición de artigos de estudantes e apoio á participación de investigadores novos. Continúa a serie recente de edicións en Florencia (2022), Lisboa (2023), Niza (2024) e Sevilla (2025).
  - **Datas importantes:** Rexistro tardío: 15/12/2026
  - **Web:** https://sites.google.com/view/ims-icsds2026/

- VIII Congreso de Jóvenes Investigadores de la Real Sociedad Matemática Española (RSME 2027) (Zaragoza, 18–22 xaneiro 2027)
  - **Información:** O Congreso de Jóvenes Investigadores de la Real Sociedad Matemática Española (RSME) é un encontro bienal deseñado para que investigadores xoves de todo o mundo, con vinculación á comunidade matemática española, compartan os seus resultados máis recentes. Máis alá do intercambio científico, o seu obxectivo fundamental é crear novos lazos e consolidar redes de colaboración entre quen formarán a futura comunidade matemática.
  - **Datas importantes:**
    - Rexistro tardío: do 16/11/2026 ata o 11/12/2026
    - Solicitude de bolsas: ata o 27/10/2026
    - Envío de posters: ata o 27/10/2026
  - **Web:** https://jovenesrsme27.unizar.es/

- RobStat Symposium 2027 – Reliable and Trustworthy Inference in Modern Data Environments (Kolkata, India, 5-7 febreiro 2027)
  - **Información:** Simposio internacional organizado polo Indian Statistical Institute, centrado nos avances recentes en inferencia estatística robusta e fiable en contornas modernas de datos. O programa abrangue desenvolvementos metodolóxicos, computacionais e aplicacións relacionadas coa Estatística e a Ciencia de Datos.
  - Datas importantes:
    - Envío de resumos: ata o 30/11/2026.
    - Comunicación da aceptación: 05/12/2026.
    - Inscrición ordinaria: ata o 20/12/2026.
  - Web: https://sites.google.com/view/robstat27/home

- Joint Annual Meeting of GAMM and DMV 2027 (Ulm, Alemaña, 8-12 marzo 2027)
  - **Información:** Reunión anual conxunta da International Association of Applied Mathematics and Mechanics (GAMM) e da Deutsche Mathematiker-Vereinigung (DMV), aberta a persoas matemáticas, enxeñeiras e científicas de todo o mundo. O programa inclúe nove conferencias plenarias, minisimposios (entre eles, Optimization under uncertainty e Machine Learning in Actuarial Science), 36 seccións paralelas (con seccións de Estocástica, Optimización, Cuantificación da incerteza e Machine Learning e Ciencia de Datos) e sesións de pósteres.
  - **Datas importantes:**
    - Envío de resumos para comunicacións: ata o 01/12/2026.
    - Comunicación da aceptación: 12/01/2027.
    - Cota reducida: ata o 19/01/2027.
  - **Web:** https://jahrestagung.gamm.org/joint-annual-meeting-2027/

- IO2027 – XXV Congresso da Associação Portuguesa de Investigação Operacional (Leiria, Portugal, 21-23 marzo 2027)
  - **Información:** XXV congreso da Associação Portuguesa de Investigação Operacional (APDIO), baixo o lema «Investigação Operacional em tempo real: decidir à velocidade dos dados». Contará cos relatorios plenarios de Alena Otto (TUM School of Management, Technical University of Munich) e Luís Guimarães (Faculdade de Engenharia da Universidade do Porto).
  - **Web:** https://www.apdio.pt/io2027/

- ROADEM'27 – 3rd International Conference of the Moroccan Association of Operational Research and Decision Support (Rabat, Marrocos, 5-6 maio 2027)
  - **Información:** Congreso internacional baixo o lema "Decision Making in the AI Era", centrado en Investigación Operativa, optimización, intelixencia artificial, analítica e apoio á decisión, con participación académica e industrial.
  - **Datas importantes:**
    - Envío de artigos completos ata o 15/12/2026; envío de artigos curtos ata o 20/02/2027.
  - **Máis información:** https://roadem2027.sciencesconf.org

- OLA'2027 – International Conference on Optimization and Learning (Cracovia, Polonia, 5-7 maio 2027)
  - **Información:** Conferencia internacional centrada nas interaccións entre a optimización e a aprendizaxe automática, incluíndo optimización baixo incerteza, metaheurísticas, optimización multiobxectivo, aprendizaxe automática e novas aplicacións.
  - **Datas importantes:**
    - Envío de traballos: ata o 18/12/2026.
  - **Web:** https://ola2027.sciencesconf.org

- GRASPA-SIS – 3r biennial conference of the Italian research group for Environmental Statistics (Venice, Italy, 27-28 maio 2027)
  - **Información:** GRASPA é a conferencia bienal do grupo de investigación italiano de estatística ambiental GRASPA-SIS e o principal evento sobre estatística ambiental en Italia. Tamén é unha conferencia rexional da TIES.
  - **Datas importantes:**
    - Envío de abstracts para contribucións orais: 22/01/2027
    - Envío de abstracts para pósters: 15/04/2027
  - **Máis información:** https://graspa.sis-statistica.it/events/graspa-2027-conference/

- RSME-AMS 2027 Joint International Meeting (Santiago de Compostela, 22-25 xuño 2027)
  - **Información:** Segundo encontro conxunto da Real Sociedad Matemática Española e a American Mathematical Society, que reunirá á comunidade matemática internacional con relatorios plenarios e sesións paralelas temáticas.
  - **Envío de abstracts:** 01/02/2027
  - **Web:** https://citmaga.usc.es/rsmeams2027/index.html

- 35th European Conference on Operational Research – EURO 2027 (Atenas, Grecia, 11-14 xullo 2027)
  - **Información:** A 35ª edición da European Conference on Operational Research é o principal encontro europeo no ámbito da Investigación Operativa e Management Science. A conferencia reunirá persoal investigador, profesionais e estudantes interesados en Investigación Operativa, modelización matemática, analítica, sistemas intelixentes de decisión e as súas interaccións coa intelixencia artificial.

- **Datas importantes:**
  - Envío de resumos: ata o 28/02/2027 ás 23:59 GMT.
  - Comunicación da aceptación: 07/03/2027.
  - Propostas de sesións invitadas no stream de Analytics (catro relatorios por sesión): ata o 30/11/2026, aos organizadores do stream (Sebastián Maldonado, Carla Vairetti e Richard Weber, Universidad de Chile).
- **Lugar:** University of West Attica, Atenas.
- **Web:** https://euro2027athens.com/

■ (IWSM 2027) 41st International Workshop on Statistical Modelling (Bilbao, 18–23 de xullo de 2027)

- **Información:** A 41ª edición do International Workshop on Statistical Modelling (IWSM) celebrarase en Bilbao, organizada polo Departamento de Matemáticas da Universidade do País Vasco (EHU). O IWSM é un dos principais encontros internacionais dedicados á modelización estatística e céntrase en novos desenvolvementos metodolóxicos orientados á resolución de problemas reais. O workshop caracterízase ademais por non ter sesións paralelas, favorecendo o intercambio científico entre todas as persoas participantes.
- **Datas importantes:**
  - Curso o 18 de xullo; workshop do 19 ao 23 de xullo de 2027.
  - Envío de abstracts para contribución oral: desde o 01/12/2026 ata o 14/02/2027
  - Envío de abstracts para pósters: desde o 01/12/2026 ata o 28/02/2027
- **Web:** https://iwsm2027.com

3.- Ofertas de traballo

- **1 contrato de persoal investigador na Universidade do Algarve**
  - **Datas importantes:**
    - Prazo de presentación de solicitudes ata o 30/11/2026
  - **Máis información:** https://www.ualg.pt/bolsas-de-investigacao?id=481824
  - **Para máis información, contactar con:** Clara Maria Henrique Cordeiro

- **Praza de Profesor/a Axudante Doutor/a en Estatística e Investigación Operativa – Universidad Complutense de Madrid**
  - **Descrición:** A Universidad Complutense de Madrid convoca unha praza de Profesor/a Axudante Doutor/a no Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Facultade de Ciencias Matemáticas (código 171126/PAD/005), con perfil de Estatística e Investigación Operativa.
  - **Prazo de solicitude:** ata o 10/12/2026, inclusive.
  - **Máis información:** https://www.ucm.es/convocatorias-pdi/16773

- **Consultoría en procesamento de datos e automatización de modelos (Python/R) – Instituto de Estatística da UNESCO (UIS), en remoto**
  - **Descrición:** O UIS busca unha persoa consultora para automatizar e controlar a calidade do fluxo de datos educativos cara á base de datos global do ODS 4 no ciclo de enquisa 2027: actualización e proba dos modelos Excel (MYDT), mellora dos scripts en Python/R/Stata, validación dos envíos dos países e elaboración de informes de revisión de indicadores. Ata 90 días de traballo entre xaneiro e novembro de 2027.
  - **Perfil:** mestrado en Estatística, Matemáticas, Informática, Educación, Economía ou área afín; polo menos tres anos de experiencia en procesamento ou validación de datos; programación en Python ou R; nivel excelente de inglés.
  - **Prazo de solicitude:** ata o 27/11/2026 (medianoite, UTC−5).
  - **Máis información:** https://careers.unesco.org/job/Montreal-Consultancy-Data-Processing-&-Template-Automation-%28PythonR%29-SDG-4-Education-Survey-2027%28Remote%29-QC/1378013857/

- **Analista de datos con R – Fundación Artemisan (Ciudad Real)**
  - **Descrición:** Posto de perfil júnior para proxectos de investigación sobre conservación e xestión da fauna silvestre: deseño de protocolos de mostraxe, análises reproducibles en R e interpretación e comunicación de resultados.
  - **Perfil:** formación en Estatística, Ciencia de Datos, Matemáticas ou titulacións afíns; admítense tamén candidaturas de FP de grao superior con formación en análise de datos (incluída a especialización en Intelixencia Artificial e Big Data). É imprescindible o dominio práctico de R e unha base sólida de estatística aplicada.
  - **Máis información:** https://fundacionartemisan.com/fundacion-artemisan-busca-un-analista-de-datos-y-un-titulado-superior-para-su-equipo-de-investigacion/

- **PhD in Statistics and Machine Learning – Bocconi University (Milán)**
  - **Descrición:** Programa doutoral internacional de catro anos, impartido en inglés, con formación avanzada en Estatística, Probabilidade e Machine Learning e unha forte orientación á investigación metodolóxica e computacional.
  - **Financiamento:** 6 bolsas de catro anos financiadas pola Tech Europe Foundation, cunha dotación de 27.000 euros brutos anuais e exención total das taxas de matrícula.
  - **Prazo de solicitude:** ata o 08/02/2027 ás 23:59 CET.
  - **Inicio:** setembro de 2027.
  - **Máis información:** https://www.unibocconi.it/en/programs/phd/phd-statistics-and-machine-learning

- **Programas de posgrao en Bioestatística e Ciencia de Datos – Mahidol University (Bangkok)**
  - **Descrición:** O Department of Clinical Epidemiology and Biostatistics da Faculty of Medicine Ramathibodi Hospital mantén aberta a admisión 2027 para programas internacionais en Clinical Epidemiology e en Data Science for Healthcare and Clinical Informatics, tanto a nivel de mestrado como de doutoramento.
  - **Perfil de especial interese:** o PhD in Data Science for Healthcare and Clinical Informatics admite candidaturas con formación en Estatística, Matemáticas, Ciencia de Datos, Informática, Enxeñaría, Ciencias da Saúde e áreas afíns.
  - **Prazo da primeira rolda:** ata o 31/01/2027.
  - **Máis información:** https://graduate.mahidol.ac.th/Admission/

- **Financiamento doutoral en Statistical Science – University College London (UCL)**
  - **Descrición:** O Department of Statistical Science de UCL mantén abertas distintas vías de financiamento doutoral en Estatística. Entre as opcións con acceso internacional destacan as UCL Research Excellence Scholarships e o UCL EPSRC Landscape Award.
  - **Prazo:** 08/01/2027 para as UCL Research Excellence Scholarships e para o UCL EPSRC Landscape Award.
  - **Máis información:** https://www.ucl.ac.uk/mathematical-physical-sciences/statistics/study/mphil-phd-opportunities/research-studentships

4.- Convocatorias e premios

- **Premios de Investigación Fundación Barrié-RAGC**
  - **Descrición:** A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e a Fundación Barrié queren dar recoñecemento público á investigación do máis alto nivel que se desenvolve en Galicia mediante a concesión de tres premios de investigación aos traballos correspondentes ás seguintes grandes áreas de coñecemento: Ciencias Básicas, Ciencias Técnicas e Ciencias Sociais.
  - **Prazo de presentación:** 11/12/2026
  - **Máis información:** https://www.ragc.gal/gl/premios-investigacion/

- **Premio Nacional de Estatística (INE)**
  - **Descrición:** O Instituto Nacional de Estadística recoñece a contribución e o labor científico no campo da Estatística, manifestados a través da traxectoria profesional da persoa candidata ou mediante unha obra singular.
  - **Prazo de presentación:** 15/02/2027
  - **Máis información:** https://www.ine.es/dyngs/FYE/es/index.htm?cid=138

- **Premio José Luis Rubio de Francia 2026 (RSME)**
  - **Descrición:** Premio da Real Sociedad Matemática Española dirixido á mocidade investigadora que desenvolve o seu labor no campo das Matemáticas.
  - **Prazo de presentación:** 31/12/2026 (18:00 h)
  - **Máis información:** https://rsme.es/convocado-el-premio-jose-luis-rubio-de-francia-2026/